



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Área Económica

Aprobación inicial da modificación de créditos núm. 2025/MODOR/000032, de aprobación de crédito extraordinario, sobre o orzamento do Concello de Oleiros correspondente ao exercicio 2025

ANUNCIO

O Pleno deste concello, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 31/07/25, aprobou inicialmente a Modificación de Créditos núm. 2025/MODOR/000032 sobre o orzamento do concello de Oleiros correspondente ao exercicio 2025, de aprobación dun Crédito Extraordinario, por un importe total de 5.000.000,00€.

En cumprimento da lexislación vixente, o expediente expónse ao público polo prazo de quince días hábiles na Intervención municipal. O devandito prazo comezará a contarse a partir do día seguinte a aquel en que apareza publicado este anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o devandito prazo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, as cales deberán ir dirixidas ao alcalde.

No caso de non se presentar reclamacións, considerarase a modificación definitivamente aprobada.

En Oleiros, asinado dixitalmente o 27/08/25 pola 1.^a t. a. delegada de Economía e Facenda, M.^a José Varela Neira.

2025/5648